

## Actividades infantís de Nadal



### Luns, 23 de decembro

10:30 a 13:30 h, Edificio Multiusos  
**A BUSCA DO APALPADOR**

Destinatarios: nenos/as de 4 a 12 anos  
Descrición: saída pola contorna, na cal a través de pistas e un rumor que chega á vila... terán que buscar o Apalpador. De logralo pasará un cacho con eles/as... e quen sabe se lles deixará algún agasallo.



### Xoves, 26 de decembro

16:30 a 19:30 h, pazo de congresos  
**TALLER A FÁBRICA DOS XOGUETES**

Destinatarios: nenos/as de 4 a 12 anos  
Descrición: constará de 2 partes; unha na que os/as participantes crearán o seu propio xoguete con materiais de refugallo e outra na que verán xogos e xoguets feitos de madeira e materiais de refugallo (os eco-xogos) cos que poderán xogar e divertirse.

### Venres, 27 de decembro

16:30 a 19:30 h, pazo de congresos  
**OBRADOIRO DE ECO-ADORNOS**

Destinatarios: nenos/as de 4 a 12 anos  
Descrición: amosaráselles aos participantes unha árbore chea de adornos feitos con elementos naturais ou materiais de refugallo, á vez que se reflexionará sobre a posibilidade de celebrar un Nadal máis sustentábel, como por exemplo, facendo os nosos propios adornos de Nadal. Farán eco-adornos que poderán levar para a casa.

### Sábado, 28 de decembro

10:30 a 13:30 h, pazo de congresos  
**FESTA INFANTIL PREFÍN DE ANO** música, baile e cotillón!

Destinatarios: nenos/as de 4 a 12 anos  
16:00 a 20:00 h, pazo de congresos  
**PARQUE DE INCHÁBEIS** inchábis de salto e tobogán, obstáculos, varredora...

**Xoves, 2 de xaneiro**, 10:30 a 13:30 h, casa do concello  
**OBRADOIRO DE REPOSTARÍA DE NADAL**

Destinatarios: nenos/as de 6 a 12 anos  
Descrición: elaboración de receitas de repostaría de Nadal.

**Sábado, 4 de xaneiro**, 10:30 a 13:30 h, Edificio Multiusos  
**XA VEÑEN OS REIS! LANTERNAS DE REIS E XINCANA DE NADAL.** Destinatarios: nenos/as de 4 a 12 anos

*\*Todos as actividades son gratúitas. Para participar en calquera deles será necesario inscribirse no Departamento de Cultura do Concello de Melide, excepto para o parque de inchábeis.*

## Nadal no Centro Social



A partir do **2 de decembro**  
no centro social

**CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE XOGUETES**

### Domingo 29 decembro

A partir das 18:00 h, centro social  
**FESTA DE NADAL** con SUSO DE BOENTE e degustación de produtos do Nadal

### Luns 6 xaneiro

A partir das 18:00 h, centro social  
**FESTA DE REIS** con SUSO DE BOENTE e degustación de produtos do Nadal



### BELÉN ARTESÁN DE MELIDE

Poderase visitar na entrada da casa do Concello en horario de 8:30 a 19:00 h e tamén haberá unha caixa de correo real para depositar as cartas para os Reis Magos.



# Nadal

# Cultural



## MELIDE 2019-20



# Nadal en familia



## 11 ao 18 de decembro

16:30 a 21:00 h, sala e exposicións, casa da cultura

### EXPOSICIÓN "O FIN DO CAMIÑO"

Exposición itinerante sobre a parte máis persoal e íntima do Camiño de Santiago, explorando as motivacións que levan ao peregrino a facer o camiño.

## Sábado, 14 de decembro

20:30 h, casa da cultura, entrada de balde

### OBRA DE TEATRO "NADAL NO POLO NORTE"

Interpretada polo grupo de teatro da Escola Cultural do Concello de Melide dirixido por Mari Carmen Gómez Neira. Obra de teatro que se desenvolverá no taller de xoguetes de Papa Noel.



## Venres, 20 de decembro

20:30 h, casa da cultura, entrada de balde

**CONCERTO DE NADAL, ALUMNADO E PROFESORADO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE MELIDE**

## Domingo, 22 de decembro

19:30 h, casa da cultura, entrada de balde

### CONCERTO DE PANXOLIÑAS DE NADAL

Actuarán: Coral Follas Novas da Coruña e Coral Polifónica de Melide. *Organiza: Coral Polifónica de Melide*

## Sábado, 28 de decembro

20:30 h, casa da cultura

### MONÓLOGO JJ. VAQUERO

Guionista e colaborador de "El Hormiguero" de Antena3 TV. Nas súas actuacións aborda sen rodeos e sen pelos na lingua a súa vida cotiá.

Sempre desde o seu particular punto de vista.

*Organiza: Apsx Sagrado Corazón - Programa O teu Xacobeo*

Venda de entradas: Ataquilla.com e Cervecería Pinocho.



## Domingo, 29 de decembro

18:30 h, casa da cultura, entrada de balde

### TEATRO INFANTIL "PATAPATUM"

Compañía: Elefante Elegante

Dirixida a público familiar recomendado a partir de 3 anos

Sorpresa! E outra! E moitas máis! Unha montaña de agasallos! de todas as cores e formas, pero sempre divertidos.

Os máis pequenos emocionados non dan feito entre tanto xoguete. Pero os maiores, atados pola espiral do tempo con compromisos e obrigas, non son quen de facer un oco na súa apertada axenda para compartir a fantasía cos máis pequenos.



## Luns, 30 de decembro

17:00 h, casa da cultura, entrada de balde

### TEATRO INFANTIL "PAVILLÓN LINO"

Compañía: Caramuxo Teatro.

Público familiar, recomendado a partir de 5 anos.

Un espectáculo que nace para homenaxear o desaparecido Pavillón Lino da Coruña, espazo cultural de estética modernista adicado a todo tipo de actividades artísticas: teatro, cine, baile, monicreques, cómicos, autómatas... Unha trepidante comedia de variedades cunha coidada posta en escena, na que desfilarán unha morea de pintorescos personaxes.



## Martes, 31 de decembro

16:30 h: escolares, 17:00 h: adultos, saída: praza do Convento

### SAN SILVESTRE SOLIDARIA MELIDENSE

*Organiza: Asociación deportiva Cerne*



## Xoves, 2 de xaneiro

17:00 h, casa da cultura, entrada de balde

### ACTUACIÓN INFANTIL DE CLOWN "CARTOÓNS"

Dirixida ao público familiar.

Cartoóns, ten como eixe central a reciclaxe, unido a outros temas como a amizade, a solidariedade, a hixiene ou a importancia do exercicio físico.

Todo iso con altas doses de humor.

Víctor Mosqueira e Josito Porto danlle vida a dous clowns que viven fóra do sistema, rodeados de cartóns.




## Venres, 3 de xaneiro

20:00 h, casa da cultura, entrada de balde

### ESPECTÁCULO DE MAXIA MAGO CAYETANO LLEDÓ

Teatro máxico e de variedades dirixido a todos os públicos.

Un espectáculo baseado no teatro de variedades cunha chea de personaxes procedentes de diversas partes do mundo. Un espectáculo con temática circense cun montón de artistas invitados procedentes de diversas partes do mundo: China, EEUU, España, Rusia...



## Domingo, 5 de xaneiro 18:00 h:

### GRAN CABALGATA DE REIS

Grandes personaxes de globos e pompeiras acompañarán os Reis Magos no seu percorrido polas rúas de Melide. Unha vez rematado o percorrido, os Reis Magos recibirán a todos os nenos e nenas nos **TRONOS REAIS** na casa da cultura con escenificación de Belén Vivente (Colaboración da Asoc. Cult. Charamelas)



## Venres, 10 de xaneiro

20:30 h, casa da cultura, entrada de balde

### GALA FIN DE CAMPAÑA DE NADAL DE ASETEM

*Organiza: Asetem.* Gala presentada por Eva Iglesias.

Recital de poesía a cargo de Ana Vila Portomeñe e María Luisa Pereiro. 21:00 h: **sorteo de 6.200 €** en premios.